



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 14 de maio de 2025, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación das actas das sesións do 16 de abril de 2025 e do 28 de abril de 2025

O presidente pregúntalles ás/aos membros da Xunta de Goberno Local que están presentes se queren facer observacións.
Non hai observacións.

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban as actas das sesións do 16 de abril de 2025 e do 28 de abril de 2025 por unanimidade de votos a favor.

2 Expediente 205/C003/000004. Aprobación do proxecto “Mellora da pavimentación dos camiños na parroquia de Tella”

O presidente dá conta da proposta da Alcaldía, que di:

“APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DENOMINADO: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS NA PARROQUIA DE TELLA (POS+AD2b/2024). EXPEDIENTE: 2025/C003/000004

ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o trinta e un de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

maio de dous mil vinte e catro (31/05/2024), acordou a aprobación da segunda modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ADICIONAL 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos, publicado no BOP número 108 do 5 de xuño de 2024.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 12/08/2024, acordou participar no dito Plan.

Unha vez revisado o proxecto orixinal, constátase un erro na descrición dos terreos necesarios para a execución do investimento, polo que é redactado un novo proxecto polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1897 (COAG), e asinado o 05/05/2025, denominado: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS NA PARROQUIA DE TELLA (POS+AD2b/2024).

Consta no expediente o informe do arquitecto técnico municipal, Ernesto Fernando Calvo Pérez, asinado o 08/05/2025.

Consta asimesmo o informe xurídico da secretaria municipal sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado o 09/05/2025.

Considerando o disposto nos artigos 121 a 126 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e nos artigos 124 ao 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda:

1º.- Aprobar o novo proxecto: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS NA PARROQUIA DE TELLA. EXPEDIENTE: 2025/C003/000004, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1897 (COAG), e asinado o 05/05/2025, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 152.970,89 €, incluído no POS+AD2b/2024.

2º.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL

3º.- Comunicar o contido desta Resolución ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar."

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

3. Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Non hai asuntos.

4 Asuntos fóra da Orde do día

O presidente explica que hai un asunto que é preciso tratar de forma urxente pola necesidade de dispoñer de novos equipos informáticos que cumpran coas necesidades que require a posta en funcionamento das novas tecnoloxías da información e as novas aplicacións, pero, principalmente, que cumpran cos requisitos necesarios para unha necesaria protección cibernética.

O alcalde somete a urxencia a votación.

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes acordan aprobar a urxencia por unanimidade de votos a favor.

4.1 Expediente 2025/C005/000001. Aprobación do expediente de contratación dunha subministración mediante renting de equipos informáticos para as dependencias municipais

O alcalde dá conta da proposta, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SUBMINISTRO MEDIANTE RENTING DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

O Concello de Ponteceso quere mellorar o acceso, o uso e a calidade das tecnoloxías da información para os seus usuarios internos, dentro dunha estratexia de posta en marcha de aplicacións municipais e proxectos que permitan avanzar na administración electrónica. Nesta liña, o Concello encargou unha auditoría informática, realizada ao longo do ano 2024, coa que se identificaron unha serie de necesidades para a actualización do parque de equipos informáticos do Concello. Na devandita auditoría, reflíctese a necesidade de cambiar algúns equipos e de actualizar algunhas pezas doutros equipos. Ademais, a estratexia de dixitalización do Concello deriva na necesidade de adquirir equipamentos informáticos novos para algunhas áreas críticas do consistorio. En base a estas especificidades, ponse en marcha este contrato de subministración mediante arrendamento financeiro ou Renting.

O Concello de Ponteceso, no marco das súas competencias, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (De agora en diante, LCSP) e as súas disposicións de desenvolvemento, propónse iniciar o expediente para a subministración, montaxe, instalación e mantemento en condicións de alugueiro (Renting) de equipamento informático para as distintas dependencias municipais. É obxecto deste contrato a subministración, mediante alugueiro financeiro ou renting de múltiples equipos informáticos, entre os que se inclúen monitores, CPUs, equipos de audio, tarxetas de memoria, e multcopiadoras. Os



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

tipos de máquinas, así como as súas características técnicas serán especificadas no Prego de Prescricións Técnicas (De agora en diante, PPT). Dentro das cotas de arrendamento incluíranse os equipos necesarios para cubrir as necesidades actuais do Concello, o servizo de asistencia técnica, tanto de forma telemática como in situ e a substitución de pezas e consumibles. De conformidade co disposto no artigo 28 da LCSP: As entidades do sector público non poderán celebrar contratos distintos dos necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir co proxecto, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique mediante procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deberá determinarse con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

Tal e como se indica no punto 3 do mencionado artigo 28: As entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente Lei; Respecto a a insuficiencia de medios, tal e como se expón na auditoría mencionada nos apartados ANTECEDENTES; da presente memoria, o Concello de Ponteceso conta actualmente cun heteroxéneo parque de equipamentos informáticos. A maior parte do parque é moi antigo, o que dificulta a realización das funcións que lle son propias ás distintas áreas do Concello de Ponteceso e, en moitas ocasións, uns custos de mantemento e reparación moi elevados.

Estes custos prodúcense tanto a nivel económico como no funcionamento normal do Concello, lastrando a súa eficiencia e atrasando todos os trámites legais, institucionais ou de servizo público que levan a cabo.

Con este contrato preténdese a renovación destes equipos por gamas máis modernas dos mesmos, que permitan mellorar a eficiencia dos traballos que se realizan nas diferentes dependencias municipais, así como un mellor sistema de acceso e control dos mesmos. O sistema de subministración mediante renting é unha práctica estendida nas distintas administracións públicas do Estado. Aínda que non existen estudos precisos sobre o aforro que isto pode supoñer para a Administración, entre as súas vantaxes podemos sinalar as seguintes:

- Renovacións de equipos cada poucos anos.

- Redución de gastos.

- Menor custo de mantemento e reparación debido á menor antigüidade dos equipos.

- Axilidade á hora de afrontar incidencias e problemas que poidan xurdir co equipo.

1. Valor estimado e orzamento base de licitación.

Tendo en conta o estudo económico redactado ó efecto, expónse o cadro resumo do PBL para cada un dos lotes:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

LOTE 1

	TOTAL ANOS 4 (LOTE 1)	IVE	TOTAL+IVE
PBL	48.845,16 €	10.257,48	59.102,64

O orzamento base de licitación será, polo tanto, de 59.102,64 € para o LOTE 1, IVE incluído. O licitador deberá expresar o prezo polo importe mensual correspondente, sendo el prezo máximo posible 1.017,61 €/mes, IVE excluído para o total dos subministros obxecto do contrato.

LOTE 2

	TOTAL AÑOS 4 (LOTE 2)	IVA	TOTAL+IVA
PBL	28.384,86	5.960,82	34.345,68

O orzamento base de licitación será, polo tanto, de 34.345,68 € para o LOTE 2, IVE incluído. O licitador deberá expresar o prezo polo importe mensual correspondente, sendo o prezo máximo posible 150,00 €/mes (sen contar o coste das copias e dos consumibles), IVE excluído para o total dos subministros obxecto do contrato.

O importe do contrato corresponde ó prezo de mercado.

TOTAL

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL+IVE
PBL	59.102,64	34.345,68	93.448,32

O orzamento base de licitación para o total do contrato será de 93.448,32 €, o que supón un promedio anual de 23.362,08 €, IVE incluído.

O valor estimado resulta de sumar o monto fixo do contrato (catro anos), máis o monto das posibles prórrogas (cero, neste caso), máis as posibles modificacións, (20% do monto total, sen IVE, do contrato) e sen IVE. Por tanto, a continuación, expoñemos un cadro resumen do valor estimado para cada un dos lotes:

48.845,16 € do prezo base durante catro anos sen IVE + 9.769,03 € correspondente ás posibles modificacións = 58.614,19 € de valor estimado para o Lote 1.

LOTE 2:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Total contrato	28.384,86 €
Modificaciones (20%)	5.676,97 €
Valor estimado	34.061,83 €

28.384,86 € do prezo base durante catro anos sen IVE + 5.960,82 € correspondente ás posibles modificacións = 34.345,68 € de valor estimado para o Lote 2.

O valor estimado total para a duración do contrato é de 92.676,02 € calculado conforme ó artigo 101 LCSP.

Na data de 23/04/2025 o alcalde asinou o informe de necesidade, cumprindo o establecido no artigo 28 LCSP.

Visto que o orzamento, como máximo, ascende a contía de 92.676,02 euros (IVE excluído), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado por razón da contía (art. 159.1 LCSP).

O 22/04/2025 a empresa INTOCONSULTING, SL asina os pregos de prescricións técnicas. O 23/04/2025 o alcalde asina a memoria xustificativa así como dos criterios de adxudicación e insuficiencia de medios.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 23/04/2025, acórdase o inicio do expediente de contratación.

Logo de ver a existencia de crédito orzamentario suficiente, certificado no RC da Intervención por importe de 8.619,16 € (Lote 1) e por importe de 5008,75 € (Lote 2), correspondentes ó exercicio 2025.

Consta no expediente o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo alcalde, o 05/05/2025.

O 05/05/2025 asínase o informe de Secretaría con carácter favorable, e posteriormente é fiscalizado de conformidade por Intervención o 12/05/2025.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Resolución da Alcaldía número 555/2023 e 734/2023, o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, **PROPOÑO**

Primeiro: Aprobar o expediente e os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a contratación, por procedemento aberto simplificado do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

SUBMINISTRO MEDIANTE RENTING DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

Segundo- Autorizar un gasto por importe de 92.676,02 euros máis 19.461,96 euros de IVE que fan un total de 112.137,98 €, con cargo á aplicación orzamentaria: 920.21300 do orzamento municipal.

Terceiro.- Publicar a convocatoria da licitación no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais dende a publicación no perfil, coa información do artigo 63 da LCSP e o contido do Anexo III da LCSP.

As/os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:17 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.